

**Rehabilitación integral da Avenida de Lugo**  
avaliación técnica do sobre B

A.1. Programa de seguridade ..... de 0 a 5 puntos.

Os licitadores presentarán un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra no entorno da mesma. Ditas condicións alcanzarán a todo tipo de persoas, debendo preverse expresamente as medidas concretas para garantir a accesibilidade ás persoas que posúan algún tipo de discapacidade. Dito plan virá desglosado en partidas de obra concretas que, preferentemente, estarán referenciadas no cadro de prezos do proxecto ou nas contidas no BDC Galicia, 14a edición, publicado polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

O programa cumprirá expresamente os apartados 1º, 2º e 3º do acordo do Pleno ordinario de 23 de setembro de 2005 sobre medidas de seguridade, accesibilidade e mobilidade nas obras municipais, así como o disposto no regulamento de accesibilidade vixente. Os puntos do mencionado acordo son:

- Se garantirá a seguridade nas rúas tanto para os peóns como para os residentes, durante o período de duración das obras de mantemento.
- Se facilitará o acceso as vivendas e establecementos comerciais durante o tempo no que duren as obras.
- Se garantirá a mobilidade e tránsito, especialmente, das persoas pertencentes aos grupos de poboación mais necesitados e que teñen dificultades: maiores, minusválidos, nenos pequenos, etc.

Avaliarase a corrección do plan presentado e a súa incidencia no aumento da seguridade na súa execución, así como o menor impacto a veciños e usuarios das vías.

En base ao anterior, outorgouse a maior puntuación ás empresas que presentan un plan detallado segundo o que se pedía no prego, asignando o resto de puntuacións en base a maior ou menor grado de definición e corrección do plano proposto.

Do mesmo xeito, non se avaliaron no apartado aquelas ofertas que non presentaron programa de seguridade axustado ao requirido no prego, ou ben este non presenta medición ou orzamento das medidas adoptadas.

Este último criterio adóptase ao considerar que ao non incluír medición ou orzamento algún, a oferta en ditas condicións non pode obxectivarse e non supón un compromiso certo para a administración contratante.

Así, as seguintes empresas se lles asigna 0 puntos neste apartado, seguindo os criterios anteriormente enunciados:

Espina e Delfín: presenta unha memoria xenérica e moi concisa, establecendo criterios de actuación, non incluíndo ningún orzamento.

Proyecta: presenta unha memoria somera acerca de aspectos relacionados coa prevención, sen axustarse ao prescrito no prego nin incluíndo ningún orzamento.

Angel Jove: presenta unha memoria xenérica e moi concisa, establecendo criterios de actuación, non incluíndo ningún orzamento.

Carrajo: presenta un plan de seguridade e saúde, non axustándose aos requirimentos do prego.

CRC: presenta unha memoria xenérica e moi concisa, establecendo criterios de actuación, non incluíndo ningún orzamento.

Orega: presenta un plan de seguridade e saúde, non axustándose aos requirimentos do prego.

Tal e como foi expresado anteriormente, ao resto das ofertas fóiselles asignando puntuacións en base a maior ou menor grado de definición e corrección do plano proposto, realizando a continuación unha breve relación das distintas ofertas presentadas e puntuadas no presente apartado.

Crespo&Eccasas: presenta unha memoria con solucións xenéricas de protección, sendo as referencias concretas á obra moi someras e centradas no estado actual do ámbito da obra. Inclúe medición e orzamento, non ten programación da obra

XAC: presenta unha memoria con solucións xenéricas de protección, presentadas en forma gráfica con exemplos de outras obras, estando as referencias concretas á obra centradas no estado actual do ámbito da obra. Inclúe medición e orzamento, non existindo programación de obra.

Acciona: presenta un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra no entorno da mesma, no que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, tendo en conta tanto a circulación peonil como rodada, e os accesos a portais, establecementos comerciais e garaxes, facendo un estudio detallado da zonificación da execución da obra e das medidas concretas para garantir a accesibilidade e seguridade. Inclúe medición e orzamento.

Oresa: inclúe na memoria unha descrición do estado actual do ámbito da obra e da solución proxectada, incluíndo nunha memoria somera criterios xerais de actuación, sen detallar solucións concretas. Inclúe medición e orzamento.

Arias Hermanos: Presenta unha memoria, na que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, presentando medidas xenéricas para garantir a accesibilidade e seguridade, agás no caso do tráfico rodado, no que o estudo é mais pormenorizado. Inclúe medición e orzamento.

FCC: presenta unha memoria enunciando principios de actuación e solucións xenéricas de protección. Inclúe medición e orzamento, non ten programación da obra

Civisglobal: presenta unha memoria con solucións xenéricas, realizando unha breve referencia concreta á obra e á súa execución en fases. Inclúe medición e orzamento.

Caldevergazo: presenta memoria na que se estudan as distintas fases de obra, e un catálogo de solucións xenéricas. Presenta como solución para minimizar os problemas de seguridade o corte total da obra, o que non se considera unha solución axeitada. Inclúe medición e orzamento.

Dragados: presenta unha memoria na que se analiza o estado actual, unha relación de medidas xenéricas para garantir a accesibilidade e unha planificación xenérica de itinerarios accesíbeis, pero sen relacionalos coa execución concreta das obras. Presenta un orzamento.

Ogmios: Presenta unha memoria con organización da execución da obra e das distintas fases en que se vai a acometer, explicada de forma xenérica en sección. Inclúe un catálogo de medidas tipo para garantir a accesibilidade e seguridade. Inclúe medición e orzamento, se ben a meirande parte do mesmo o emprega nunha varredora e nunha torre de alumeadado autónomo.

Vias: presenta un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra no entorno da mesma, no que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, tendo en conta tanto a circulación peonil como rodada, e os accesos a portais, establecementos comerciais e garaxes, facendo un estudio detallado da zonificación da execución da obra e das medidas concretas para garantir a accesibilidade e seguridade. Inclúe medición e orzamento.

Copcisa: presenta unha memoria concisa, enunciando principios de actuación e solucións xenéricas de protección. Inclúe un orzamento, que coincide na súa meirande parte co de seguridade e saúde da obra, aínda que se lle inclúen algunhas unidades novas. Non ten programación da obra

Antalsis: presenta unha memoria moi somera, na que se enuncian criterios xerais de protección, facendo unha pequena referencia á obra, pero sen enunciar solucións concretas. Inclúe medición e orzamento.

Elsamex: presenta unha memoria con solucións xenéricas de protección, expresadas na súa meirande parte de forma gráfica. Inclúe medición e orzamento, non ten programación da obra

Ramirez: presenta unha memoria con solucións xenéricas de protección, sendo as referencias concretas á obra moi someras e centradas no estado actual do ámbito da obra. Inclúe medición e orzamento, non ten programación da obra

Eiriña: presenta un programa detallado para garantir a seguridade e a accesibilidade durante o transcurso da obra no entorno da mesma, no que se fai un estudio da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, tendo en conta tanto a circulación peonil como rodada, e os accesos a portais e garaxes, facendo un estudio detallado da zonificación da execución da obra e das medidas concretas para garantir a accesibilidade e seguridade. Inclúe medición e orzamento.

Naturgalia: presenta memoria na que se estudan as distintas fases de obra, e un catálogo de solucións xenéricas. Presenta como solución para minimizar os problemas de seguridade o corte total da obra, o que non se considera unha solución axeitada. Inclúe medición e orzamento.

Hidromiño: presenta memoria na que se estudan as distintas fases de obra, sen apenas apuntar medidas de protección. Inclúe un orzamento moi incompleto.

Aquagest: presenta memoria na que se estudan o estado actual, a ubicación dos acopios e as instalacións provisionais de obra, o que non se axusta ao requirido do prego, e unha relación somera de solucións xenéricas. Inclúe medición e orzamento.

Acpa&Alvac: presenta unha memoria, na que se fai un estudio esquemático da execución da mesma e das distintas fases en que se vai a acometer, presentando medidas xenéricas para garantir a accesibilidade e seguridade. Inclúe medición e orzamento.

Covsa: presenta unha memoria con solucións xenéricas, realizando unha breve referencia concreta á obra e á súa execución en fases. Inclúe medición e orzamento.

|                 |      |
|-----------------|------|
| ECCASAS&CRESPO  | 1,50 |
| XAC             | 1,50 |
| ACCIONA         | 5,00 |
| ORESAS          | 1,50 |
| ESPINA Y DELFIN | 0,00 |
| PROYECTA        | 0,00 |
| ARIAS HERMANOS  | 2,00 |
| FCC             | 1,00 |
| CIVISGLOBAL     | 2,00 |
| CALDEVERGAZO    | 1,00 |
| DRAGADOS        | 2,00 |
| ANGEL JOVE      | 0,00 |
| CARRAJO         | 0,00 |
| OGMIOS          | 1,50 |
| VIAS            | 5,00 |
| COPCISA         | 1,00 |
| CRC             | 0,00 |
| ANTALSIS        | 1,00 |
| ELSAMEX         | 1,50 |
| RAMIREZ         | 1,50 |
| EIRIÑA          | 5,00 |
| NATURGALIA      | 1,00 |
| HIDROMIÑO       | 1,00 |
| AQUAGEST        | 1,00 |
| ACPA&ALVAC      | 2,00 |
| OREGA           | 0,00 |
| COVSA           | 1,50 |

A.2 Plano de control de calidade ..... de 0 a 5 puntos.

Os licitadores presentarán un programa detallado para o control de calidade dos materiais e unidades de obra. Para a valoración deste criterio terase en especial consideración a aplicación de modernas tecnoloxías de control, así como a corrección e específica adecuación do programa proposto ás características concretas da obra, co fin de garantir a máxima calidade do proceso construtivo.

Dito plano virá desagregado en partidas de control e ensaio concretas que, preferentemente, estarán referenciadas ás contidas no BDC Galicia, 14ª edición, publicado polo Instituto Tecnolóxico de Galicia

Neste apartado non se avaliaron as ofertas de Proyecta, Angel Jove e Copcisa, outorgándolle 0,00 puntos, toda vez que si ben inclúen un plan de ensaios, as partidas de control non se atopan referenciadas a ningún valor concreto, incumprindo o determinado no prego.

Para a avaliación deste apartado enténdese que para que o plan sexa correcto e especificamente adecuado ás características concretas da obra, este debe ser suficientemente exhaustivo en todas e cada unha das principais actividades construtivas da obra, posto que o resultado de cada unha delas inflúe directamente na outra, todo elo co fin de garantir a máxima calidade do resultado construído final.

Polo tanto, analizouse o previsto en cada un dos plans presentados para cada tipo de obra a executar, dividíndoas en tres grandes grupos, as partidas de control referentes a movementos de terras e bases de pavimentación, as referentes á execución e materiais dos pavimento, facendo especial referencia aos pavimentos de formigón e aglomerado realizados in situ, e as referentes a materiais e execución das instalacións.

Con este obxectivo, a cada un dos item analizados dentro de cada grupo, otorgouselle unha cualificación de ben (B=1,0), regular (R=0,6), deficiente (D=0,3) ou non existente (X=0), realizando unha media para obter o coeficiente global do grupo.

Os coeficientes de corrección de cada un destes grupos, posteriormente se ponderan multiplicándoos entre si para obter un coeficiente de corrección global en base 1, partindo de outorgarlle coeficiente 1 á mellor oferta, e ás demais en proporcionalidade, coeficiente que se multiplica pola puntuación máxima a obter neste apartado.

| Grupo 1: terras e bases | CARACTERIZACION SOLOS | EXECUCION RECHEOS | MACADAM | BASE FORMIGON | COEFICIENTE GRUPO1 |
|-------------------------|-----------------------|-------------------|---------|---------------|--------------------|
| ECCASAS&CRESPO          | B                     | R                 | D       | B             | 0,7250             |
| XAC                     | R                     | B                 | R       | B             | 0,8000             |
| ACCIONA                 | R                     | B                 | D       | B             | 0,7250             |
| ORESA                   | B                     | B                 | X       | D             | 0,5750             |
| ESPINA Y DELFIN         | R                     | B                 | R       | B             | 0,8000             |
| PROYECTA                | X                     | X                 | X       | X             | 0,0000             |
| ARIAS HERMANOS          | R                     | D                 | D       | D             | 0,3750             |
| FCC                     | R                     | B                 | D       | D             | 0,5500             |
| CIVISGLOBAL             | R                     | B                 | R       | B             | 0,8000             |
| CALDEVERGAZO            | R                     | B                 | X       | B             | 0,6500             |
| DRAGADOS                | X                     | D                 | D       | B             | 0,4000             |
| ANGEL JOVE              | X                     | X                 | X       | X             | 0,0000             |
| CARRAJO                 | R                     | D                 | X       | D             | 0,4000             |
| OGMIOS                  | B                     | B                 | X       | D             | 0,5750             |
| VIAS                    | B                     | B                 | B       | B             | 1,0000             |
| COPCISA                 | X                     | X                 | X       | X             | 0,0000             |
| CRC                     | B                     | B                 | D       | B             | 0,8250             |
| ANTALSIS                | X                     | D                 | D       | B             | 0,4000             |
| ELSAMEX                 | B                     | B                 | B       | B             | 1,0000             |
| RAMIREZ                 | B                     | R                 | D       | B             | 0,7250             |
| EIRIÑA                  | B                     | B                 | D       | B             | 0,8250             |
| NATURGALIA              | X                     | X                 | X       | B             | 0,2500             |
| HIDROMIÑO               | R                     | B                 | R       | B             | 0,8000             |
| AQUAGEST                | B                     | B                 | X       | R             | 0,6500             |
| ACPA&ALVAC              | X                     | X                 | X       | B             | 0,2500             |
| OREGA                   | R                     | B                 | R       | B             | 0,8000             |
| COVSA                   | R                     | B                 | D       | B             | 0,7250             |

| Grupo 2: pavimentos | MATERIAIS PETREOS | MATERIAL PAVIMENTO FORMIGON | EXECUCION PAVIMENTO FORMIGON | MATERIAL PAVIMENTO AGLOMERADO | EXECUCION PAVIMENTO AGLOMERADO | COEFICIENTE GRUPO 2 |
|---------------------|-------------------|-----------------------------|------------------------------|-------------------------------|--------------------------------|---------------------|
| ECCASAS&CRESPO      | B                 | B                           | X                            | B                             | X                              | 0,6000              |
| XAC                 | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| ACCIONA             | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| ORESA               | R                 | X                           | X                            | B                             | B                              | 0,4000              |
| ESPIÑA Y DELFIN     | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| PROYECTA            | X                 | X                           | X                            | X                             | X                              | 0,0000              |
| ARIAS HERMANOS      | R                 | D                           | X                            | B                             | X                              | 0,3800              |
| FCC                 | R                 | D                           | X                            | B                             | X                              | 0,3800              |
| CIVISGLOBAL         | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| CALDEVERGAZO        | R                 | X                           | X                            | B                             | B                              | 0,5200              |
| DRAGADOS            | R                 | X                           | X                            | D                             | X                              | 0,1800              |
| ANGEL JOVE          | X                 | X                           | X                            | X                             | X                              | 0,0000              |
| CARRAJO             | D                 | D                           | X                            | X                             | X                              | 0,1200              |
| OGMIOS              | R                 | X                           | X                            | B                             | B                              | 0,5200              |
| VIAS                | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| COPCISA             | X                 | X                           | X                            | X                             | X                              | 0,0000              |
| CRC                 | R                 | R                           | B                            | B                             | B                              | 0,8400              |
| ANTALSIS            | R                 | X                           | X                            | D                             | X                              | 0,1800              |
| ELSAMEX             | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| RAMIREZ             | B                 | B                           | X                            | B                             | X                              | 0,6000              |
| EIRIÑA              | B                 | B                           | B                            | B                             | B                              | 1,0000              |
| NATURGALIA          | B                 | X                           | X                            | X                             | B                              | 0,4000              |
| HIDROMIÑO           | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| AQUAGEST            | D                 | X                           | X                            | B                             | X                              | 0,2600              |
| ACPA&ALVAC          | R                 | X                           | X                            | B                             | X                              | 0,3200              |
| OREGA               | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |
| COVSA               | B                 | D                           | X                            | B                             | B                              | 0,6600              |

| Grupo 3: instalacións | SANEAMENTO | ABASTECEMENTO E REGA | ALUMEADO | COEFICIENTE GRUPO 3 |
|-----------------------|------------|----------------------|----------|---------------------|
| ECCASAS&CRESPO        | D          | R                    | R        | 0,5000              |
| XAC                   | B          | R                    | R        | 0,7330              |
| ACCIONA               | B          | B                    | B        | 1,0000              |
| ORESA                 | B          | B                    | B        | 1,0000              |
| ESPINA Y DELFIN       | B          | R                    | D        | 0,6300              |
| PROYECTA              | X          | X                    | X        | 0,0000              |
| ARIAS HERMANOS        | D          | D                    | D        | 0,3000              |
| FCC                   | D          | D                    | D        | 0,3000              |
| CIVISGLOBAL           | B          | R                    | R        | 0,7330              |
| CALDEVERGAZO          | B          | B                    | B        | 1,0000              |
| DRAGADOS              | R          | D                    | D        | 0,4000              |
| ANGEL JOVE            | X          | X                    | X        | 0,0000              |
| CARRAJO               | D          | D                    | D        | 0,3000              |
| OGMIOS                | B          | B                    | B        | 1,0000              |
| VIAS                  | B          | R                    | R        | 0,7330              |
| COPCISA               | X          | X                    | X        | 0,0000              |
| CRC                   | B          | R                    | B        | 0,8666              |
| ANTALSIS              | R          | R                    | D        | 0,5000              |
| ELSAMEX               | B          | R                    | R        | 0,7330              |
| RAMIREZ               | D          | R                    | R        | 0,5000              |
| EIRIÑA                | B          | B                    | B        | 1,0000              |
| NATURGALIA            | D          | R                    | D        | 0,4000              |
| HIDROMIÑO             | B          | R                    | R        | 0,7330              |
| AQUAGEST              | D          | R                    | D        | 0,4000              |
| ACPA&ALVAC            | B          | R                    | X        | 0,5330              |
| OREGA                 | B          | R                    | R        | 0,7330              |
| COVSA                 | B          | R                    | R        | 0,7330              |



|                 | TERRAS E BASES | PAVIMENTOS | INSTALACIONES | COEFICIENTE DE COMPARACION | COEFICIENTE GLOBAL (base1) | PUNTOS APARTADO |
|-----------------|----------------|------------|---------------|----------------------------|----------------------------|-----------------|
| ECCASAS&CRESPO  | 0,7250         | 0,6000     | 0,5000        | 0,2175                     | 0,2636                     | <b>1,32</b>     |
| XAC             | 0,8000         | 0,6600     | 0,7330        | 0,3870                     | 0,4691                     | <b>2,35</b>     |
| ACCIONA         | 0,7250         | 0,6600     | 1,0000        | 0,4785                     | 0,5800                     | <b>2,90</b>     |
| ORESA           | 0,5750         | 0,4000     | 1,0000        | 0,2300                     | 0,2788                     | <b>1,39</b>     |
| ESPINA Y DELFIN | 0,8000         | 0,6600     | 0,6300        | 0,3326                     | 0,4032                     | <b>2,02</b>     |
| PROYECTA        | 0,0000         | 0,0000     | 0,0000        | 0,0000                     | 0,0000                     | <b>0,00</b>     |
| ARIAS HERMANOS  | 0,3750         | 0,3800     | 0,3000        | 0,0428                     | 0,0518                     | <b>0,26</b>     |
| FCC             | 0,5500         | 0,3800     | 0,3000        | 0,0627                     | 0,0760                     | <b>0,38</b>     |
| CIVISGLOBAL     | 0,8000         | 0,6600     | 0,7330        | 0,3870                     | 0,4691                     | <b>2,35</b>     |
| CALDEVERGAZO    | 0,6500         | 0,5200     | 1,0000        | 0,3380                     | 0,4097                     | <b>2,05</b>     |
| DRAGADOS        | 0,4000         | 0,1800     | 0,4000        | 0,0288                     | 0,0349                     | <b>0,17</b>     |
| ANGEL JOVE      | 0,0000         | 0,0000     | 0,0000        | 0,0000                     | 0,0000                     | <b>0,00</b>     |
| CARRAJO         | 0,4000         | 0,1200     | 0,3000        | 0,0144                     | 0,0175                     | <b>0,09</b>     |
| OGMIOS          | 0,5750         | 0,5200     | 1,0000        | 0,2990                     | 0,3624                     | <b>1,81</b>     |
| VIAS            | 1,0000         | 0,6600     | 0,7330        | 0,4838                     | 0,5864                     | <b>2,93</b>     |
| COPCISA         | 0,0000         | 0,0000     | 0,0000        | 0,0000                     | 0,0000                     | <b>0,00</b>     |
| CRC             | 0,8250         | 0,8400     | 0,8666        | 0,6006                     | 0,7279                     | <b>3,64</b>     |
| ANTALSIS        | 0,4000         | 0,1800     | 0,5000        | 0,0360                     | 0,0436                     | <b>0,22</b>     |
| ELSAMEX         | 1,0000         | 0,6600     | 0,7330        | 0,4838                     | 0,5864                     | <b>2,93</b>     |
| RAMIREZ         | 0,7250         | 0,6000     | 0,5000        | 0,2175                     | 0,2636                     | <b>1,32</b>     |
| EIRIÑA          | 0,8250         | 1,0000     | 1,0000        | 0,8250                     | 1,0000                     | <b>5,00</b>     |
| NATURGALIA      | 0,2500         | 0,4000     | 0,4000        | 0,0400                     | 0,0485                     | <b>0,24</b>     |
| HIDROMIÑO       | 0,8000         | 0,6600     | 0,7330        | 0,3870                     | 0,4691                     | <b>2,35</b>     |
| AQUAGEST        | 0,6500         | 0,2600     | 0,4000        | 0,0676                     | 0,0819                     | <b>0,41</b>     |
| ACPA&ALVAC      | 0,2500         | 0,3200     | 0,5330        | 0,0426                     | 0,0517                     | <b>0,26</b>     |
| OREGA           | 0,8000         | 0,6600     | 0,7330        | 0,3870                     | 0,4691                     | <b>2,35</b>     |
| COVSA           | 0,7250         | 0,6600     | 0,7330        | 0,3507                     | 0,4251                     | <b>2,13</b>     |

TOTAL PUNTUACION SOBRE B

|                 | seguridade | control | TOTAL |
|-----------------|------------|---------|-------|
| ECCASAS&CRESPO  | 1,50       | 1,32    | 2,82  |
| XAC             | 1,50       | 2,35    | 3,85  |
| ACCIONA         | 5,00       | 2,90    | 7,90  |
| ORESA           | 1,50       | 1,39    | 2,89  |
| ESPINA Y DELFIN | 0,00       | 2,02    | 2,02  |
| PROYECTA        | 0,00       | 0,00    | 0,00  |
| ARIAS HERMANOS  | 2,00       | 0,26    | 2,26  |
| FCC             | 1,00       | 0,38    | 1,38  |
| CIVISGLOBAL     | 2,00       | 2,35    | 4,35  |
| CALDEVERGAZO    | 1,00       | 2,05    | 3,05  |
| DRAGADOS        | 2,00       | 0,17    | 2,17  |
| ANGEL JOVE      | 0,00       | 0,00    | 0,00  |
| CARRAJO         | 0,00       | 0,09    | 0,09  |
| OGMIOS          | 1,50       | 1,81    | 3,31  |
| VIAS            | 5,00       | 2,93    | 7,93  |
| COPCISA         | 1,00       | 0,00    | 1,00  |
| CRC             | 0,00       | 3,64    | 3,64  |
| ANTALSIS        | 1,00       | 0,22    | 1,22  |
| ELSAMEX         | 1,50       | 2,93    | 4,43  |
| RAMIREZ         | 1,50       | 1,32    | 2,82  |
| EIRIÑA          | 5,00       | 5,00    | 10,00 |
| NATURGALIA      | 1,00       | 0,24    | 1,24  |
| HIDROMIÑO       | 1,00       | 2,35    | 3,35  |
| AQUAGEST        | 1,00       | 0,41    | 1,41  |
| ACPA&ALVAC      | 2,00       | 0,26    | 2,26  |
| OREGA           | 0,00       | 2,35    | 2,35  |
| COVSA           | 1,50       | 2,13    | 3,63  |

Pontevedra 11 de outubro de 2013

O arquitecto xefe da OTA